

## **Facenda Pública galega, sistema fiscal galego e Banco Público galego no pensamento de Alexandre Bóveda.**

Este sábado, 17-A, conmemoramos o 88 aniversario do asasinato pola xustiza militar facciosa de **Alexandre Bóveda**. Un galeguista que tiña Galicia na súa cabeza como a súa patria, mais para o que aquí nos interesa un grande facendista e fiscalista, como ten observado recentemente o economista galego **Xosé Antonio Pena Beiroa** (*A formación e o desenvolvemento profesional do Bóveda economista* en *Perspectivas sobre Bóveda*, obra colectiva editada pola Agrupación Cultural Alexandre Bóveda e a Deputación da Coruña). Bóveda defende xa no 1935 un Banco Público galego como Banco de Estado-chave da organización fiscal e financeira da Galicia autónoma para toda caste de fins agás a emisión de moeda. Principalmente o Banco Público Galego promocionaría a actividade empresarial e das infraestruturas sociais básicas. Tamén afirma Bóveda a necesidade dun imposto único e sintético sobre a renda das persoas físicas que recoñecese un mínimo familiar exento, subordinando a esta figura tributaria a regresiva imposición indirecta que sobranceaba na altura.

Bóveda redacta O Título IV, relativo á Facenda galega, do Estatuto de Galicia plebiscitado o 28 de xuño de 1936, coidando que o Poder Galego asumise a competencia sobre mutualidades, sindicatos, pósitos, previsión social, aforro e crédito e dispondo a creación dun Banco agrícola cooperativo. E defende claramente un sistema fiscal no que o Poder Galego xestione, recade, liquide e inspeccione todos os tributos estatais, agás os aranceis exteriores e a renda das alfándegas. Velaí a temperá definición dun sistema de concerto como o máis axeitado para as necesidades financeiras de Galicia. O mesmo recoñecido constitucionalmente para Euskadi e Nafarroa, que agora reivindica o soberanismo catalán e que segue a constituír a mellor garantía para conquistar o autogoberno como ferramenta de progreso e benestar.

Sen dúbida os vindeiros anos serán os do estudo e difusión do Bóveda economista, do Bóveda fiscalista, do Bóveda facendista, que deseñou hai máis de oitenta anos fórmulas e ferramentas que aínda hoxe semellan actuais e, en moi boa medida, eficaces e operativas. Será preciso actualizalas aos novos tempos, sen dúbida. Pero, debendo Galicia seguir o seu propio camiño, e sen copiar a ninguén, debemos esixir o noso dereito a xestionar os nosos propios ingresos fiscais para garantir a autonomía financeira que garanta a dotación dos recursos necesarios para prestar os servizos básicos á cidadanía.

*Manifesto do Partido Galego, como parte do ideario político económico para Galicia. Agosto de 2024.*